

Semana Santa: Grazas!

O domingo de Ramos, Xesús, é aclamado en Xerusalén.


O xoves recordareiche no cenáculo dándote como comida e tendo presente o teu mandamento: "Amádevos os uns aos outros como eu ameivos". O venres percorrerei o camiño do calvario, para chegar ao Gólgota e estar contigo ao pé da túa cruz.

Así chegarei ao domingo, a Pascua do Señor, o paso da morte á vida a vitoria de Deus.

Estamos, Señor Xesús, na recta final da túa vida, que sintetiza toda a túa existencia.

Grazas, Señor, Xesús. Grazas pola túa vida e pola túa morte e sobre todo grazas pola túa resurrección. Axúdanos a vivir a túa paixón como a nosa paixón para participar da túa resurrección.

LA SEMANA SANTA



Evanxero
25-marzo-2018
6º CORESMA-B



Caminando hacia la Pascua



40 días CAMIÑANDO: Semana Santa.
Anunciamos a túa MORTE.

Semana Santa-Ramos



BENDICIÓN DOS RAMOS



- **Marcos 11, 1-10: Bendito o que vén no nome do Señor.**

Narrador: Cando se achegaban a Xerusalén, por Betfagé e Betania, xunto ao monte das Oliveiras, mandou dous dos seus discípulos, dicíndolles:

Xesús: «*Ide á aldea de en fronte e, en canto entredes, atoparedes un burriño atado, que ninguén montou aínda. Desatádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta por que o facedes, contestádelle: "O Señor necesítao, e devolverao axiña"*».

Narrador: Foron e atoparon o burriño na rúa atado a unha porta; e soltárono. Algúns dos presentes preguntáronlles:

Algúns: «*Que facedes desatando o burriño?*».

Narrador: Eles contestáronlles como lles dixera Xesús; e permitíronllo. Levaron o burriño, botáronlle encima os mantos, e Xesús montou. Moitos alfombraron o camiño cos seus mantos, outros con ramas cortadas no campo. Os que ían diante e detrás, gritaban:

Xente: «*Hosanna! Bendito o que vén en nome do Señor! Bendito o reino que chega, o do noso pai David! Hosanna nas alturas!*».

Palabra do Señor. (Narrador--Xesús--Algúns--Xente).

PALABRA DE DEUS

- **ISAÍAS 50, 4-7:** *Non me tapei o rostro ante as aldraxes.*
- **SALMO 21:** *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*
- **Filipenses 2, 6-11:** *Rebaixouse, por iso Deus levantouno sobre todo.*
- **Paixón segundo san Marcos 14,1-15,47:** *Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?*



Domingo de Ramos



Jueves santo



Sábado santo



Viernes santo



40 días CAMIÑANDO: Semana Santa. Anunciamos a túa MORTE.

1. VER: O domingo de Ramos

-Esta festa é moi popular entre os cristiáns. O templo atégase de xente, sobre todo de nenos, realízase a bendición, a procesión, a lectura da Paixón de Xesús... Para algúns é como a festa de primavera, día de estrear algo

Como o celebrades na túa parroquia? Como o preparades?

2. XULGAR: Semana Santa, more Xesús por nós.

-No evanxeo de hoxe, Xesús dá instrucións aos apóstolos para que preparen o día de Ramos. Logo entra en Xerusalén nun burriño, aclamado pola multitude que o **aclama con ramos** e gritanlle: **-Hosanna, bendito o que vén en nome do Señor!**"

-Logo lemos a Paixón de Xesús: condenado inxustamente, maltratado e crucificado na cruz.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS? O contraste entre o "Hosanna" e a cruz.

1-VITOREAMOS A XESÚS COS NÓSOS RAMOS

*os xudeus gritan "hosanna", é dicir, bendito o que vén en nome de Deus, viva o Rei, o que nos salva.

*ao levantarlle os nosos ramos estámoslle dicindo que cremos nel, que é o noso Señor e Deus, que queremos seguilo. É hora de decidirmos a seguilo, a deixalo ser o noso Señor, a nosa forza, o noso compañeiro, o que nos salve. Levántalle o corazón para que reine nel.

Vives así este día de ledicia? Que te esixe?

2-PERO DEIXÁMOLO SÓ NO CAMIÑO DA CRUZ

*ao ler hoxe a paixón vemos como Xesús vai quedando só: os seus abandonánono, os outros condénano, ata lle quitan as roupas, e parece que o Pai tamén: "Pai, por que me abandonaches"...

*Somos moitos os que o abandonamos na Semana Santa, na cruz, non o acompañamos nas celebracións, preferimos outras cousas...

Acompañalo nesta semana triste cara a cruz? Que te pide?

3. ACTUAR: Anunciamos a túa morte

-Quedémonos estes días contemplando a cruz. Desde ela regálanos Xesús os sacramentos. Da auga e do sangue do seu corazón traspasado chéganos a graza do perdón, da eucaristía, do bautismo... (ver debuxo). Acompañemos a Xesús estes días e entremos na dinámica da Paixón, paixón de "apaixonar", de dar a vida ata o extremo.

-Prepárese a lectura da paixón, os cantos. -Comentade que actitudes hai detrás de cada personaxe da paixón e en que se parecen a nós. -Escribimos unha oración agradecendo a Xesús o seu amor por nós. **Como ides vivir esta Semana Santa?**